

INFORMACIÓN MATRÍCULA PAU 2026

PRAZO DE MATRÍCULA:

- Convocatoria ordinaria xuño: 14 e 15 de maio de 2026 de 08:30 a 13:30 h. no I.E.S. Río Miño.
- Convocatoria extraordinaria xullo: 11 e 12 de xuño de 2026 de 09:00 a 13:30 h. no I.E.S. Río Miño.

DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

- Fotocopia do DNI (**comprobar que non estea caducado**)
- Resgardo de pagamento da matrícula das PAU. O importe é de **63,67 €**
- Resgardo de pagamento do título de Bacharel. O importe é de **54,00 €**

PAGO DE TAXAS:

1- TAXAS BACHARELATO: para o título de Bacharel **é obrigatorio** o pago:

- Taxa normal: 54,00€
- Familia numerosa (categoría xeral): 27,03 €
- Familia numerosa (categoría especial): Gratuíta

A situación de "Familia numerosa" acreditarase mediante a copia do Libro de Familia Numerosa en vigor

FORMAS DE PAGO: a elixir entre o pago presencial nunha oficina de ABANCA mediante o modelo "A" de autoliquidación de taxas proporcionado polo centro, se o solicitan, ou o pago telemático a través da plataforma ATRIGA. Ver instrucións na páxina web do centro, apartado matrícula.

2- TAXAS PAU:

- Taxa normal: 63,67€
- Familia numerosa (categoría xeral): 31,84 €
- Familia numerosa (categoría especial): Gratuíta

(A situación de "Familia numerosa" acreditarase mediante a copia do Libro de Familia Numerosa en vigor)

- Fillos do persoal docente e de administración e servizos das tres Universidades de Galiza: Gratuíta (acreditarse mediante unha certificación do correspondente Servizo de Persoal e unha fotocopia do Libro de Familia)
- Persoas con discapacidade, vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero: Gratuíta (acreditarse coa correspondente resolución administrativa)
- Persoas beneficiarias da prestación do ingreso mínimo vital: Gratuíta (acreditarse coa resolución do INSS)

FORMAS DE PAGO: a elixir entre o pago presencial nunha oficina de ABANCA mediante o impreso de liquidación de taxas proporcionado polo centro, se o solicitan, ou o pago telemático a través da aplicación NERTA.

Coa prematrícula xérase unha conta de usuario en NERTA e cada estudante recibe os datos de acceso no seu correo electrónico. Con estes datos, e despois de activar a conta, o alumnado pode acceder a NERTA, revisar a súa matrícula e realizar o pago das taxas de forma telemática, utilizando unha tarxeta de crédito. Este pago xa se reflicte de forma automática en NERTA, sen necesidade de enviar xustificante.

DATAS DE EXAME:

- Convocatoria ordinaria: 2, 3 e 4 de xuño de 2026
- Convocatoria extraordinaria: 30 de xuño e 1, 2 de xullo de 2026
- Lugar de realización das probas: Facultade de Administración e Dirección de Empresas. Avenida Alfonso X El Sabio, Lugo (**Comisión Delegada núm. 16**).

DATAS DE PUBLICACIÓN DE CUALIFICACIÓNS (en NERTA)

- Cualificacións convocatoria ordinaria: provisionais o día 11 de xuño e definitivas o día 18 de xuño de 2026
- Cualificacións convocatoria extraordinaria: provisionais o día 9 de xullo e definitivas o día 17 de xullo de 2026